



CARACTERÍSTICAS DAS RUTAS

Actividades gratuítas, con prazas limitadas
Itinerarios circulares, polos puntos de interese de cada parroquia
Duración das rutas, de 2 a 3 horas
Dificultade baixa
Transporte por conta das persoas participantes

PARTICIPANTES

Persoas empadroadas no concello de Carballo maiores de 60 anos, pensionistas ou xubiladas
Condición física normal
Recoméndase levar roupa e calzado axeitados para camiñar, gorra e impermeable, mochila con algo de comida e auga

INSCRICIÓNS

carballo.gal

Organiza



mobilidade
Carballo



Coordina



RAS ANDAINAS DE REMOCEA

Programa de actividades gratuítas para
persoas maiores do concello de Carballo



DO 7 DE SETEMBRO AO 5 DE OUTUBRO



Domingo, 7 de setembro

SÍSAMO, ESPAZO REDE NATURA

Punto de encontro: **Igrexa
parroquial de Sísamo**

A parroquia regada polo río Anllóns é unha das poucas que contén espazos protexidos pola Rede Natura. Posúe un castro catalogado, unha importante igrexa e un dos pazos máis emblemáticos do noso concello. Esta parroquia acolleu a casa consistorial.



Domingo, 14 de setembro

ARTES, O VAL DESCOÑECIDO

Punto de encontro: **Pazo de
Vilar de Francos**

Artes enmárcase nun fermoso val por onde non pasa ningunha estrada importante. A igrexa de San Xurxo e a capela do santo Antón son dous polos do rico patrimonio etnográfico e natural da parroquia. A capela sitúase no interior dun dos pazos máis importantes da comarca: Vilar de Francos.



Domingo, 28 de setembro

ARDAÑA, A TERRA MÁIS FÉRTIL

Punto de encontro: **Centro
social de Ardaña**

En plena Depresión Meridiana, a parroquia de Ardaña comparte coas de Rus e Erbecedo (Coristanco) unha das agra máis fértils da bisbarra, berce da pataca Fina de Carballo e tamén da Pataca de Coristanco. A carón de escondidas augas sulfurosas atópase o Pazo de Gontade, o máis antigo do concello.



Domingo, 5 de outubro

OZA, SEÑORÍO DENDE AS TORRES

Punto de encontro: **Igrexa
parroquial de Oza**

A parroquia de Oza aséntase entre a costa e as agra centrais de Bergantiños. A cabalo entre estes dous territorios, este enclave posúe dous castros e unha importante igrexa. No núcleo das Torres asentáronse unhas importantes torres defensivas das que só quedan os restos dunha pequena capela.



As **Andainas de Remoceira** teñen como finalidade promover o coñecemento dos valores culturais e ambientais das parroquias do concello de Carballo a través da actividade deportiva, ademais de facilitar ás persoas participantes un achegamento especial á etnografía, a arquitectura e a ecoloxía, utilizando de xeito prioritario as antigas corredoiras antigas e fuxindo do asfalto.



Respecta as indicacións do guía e disfruta das rutas!